

## INFORME TÉCNICO DE SEGUIMIENTO MEMORIA DE CALIDADE 2022-2023 Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

<b>ELABORADO POR / DATA ENTREGA</b>	Comisión de Calidade do Centro / Xunta de Escola <b>28/06/2024</b>
<b>REVISIÓN / DATA</b>	Sección de Calidade. Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización DATA da sinatura electrónica do documento

A **Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (SCVTI)**, de acordo coas indicacións da ACSUG e as recollidas pola SCVTI na “Guía para a elaboración de Memorias de Calidade dos Centros. 2022-2023”, unha vez revisada a proposta de “**Memoria de Calidade. 2022-2023**”, achega o seguinte **INFORME TÉCNICO**

### I. RESUMO

Apartado Memoria	Cumprimento requirimentos ACSUG
<b>1. Introducción</b>	<b>Conforme</b>
<b>2. Seguimento do Sistema</b>	<b>Conforme</b>
2.1. Política e obxectivos de calidade.	Conforme
2.2. Deseño, revisión periódica e mellora de PF.	Conforme
2.3. Garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación	Conforme
2.4. Garantía e mellora da calidade dos RRHH	Conforme
2.5. Garantía e Mellora da calidade de RR. Materiais e Servizos	Conforme
2.6. Información Pública	Conforme
<b>3. Plan de Melloras do Centro</b>	<b>Conforme</b> <i>*Engadir, se é posible, o cadro de Obxectivos estratéxicos.</i>
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos</b>	<b>Conforme</b>
<b>5. Listaxe de validación de indicadores</b>	<b>Conforme</b>

A SCVTI, visto o resultado de **CONFORMIDADE**, informa que a proposta de **Memoria de Calidade é APTA** e pode ser **elevada á Xunta de Centro** para a súa valoración e, no seu caso, aprobación.

*\*Xunto con este informe achégase, a continuación, unha análise da Memoria por apartados con **observacións ou suxestións de mellora** que non teñen carácter obrigatorio.*

*Estas suxestións poderán incorporarse, de xeito facultativo segundo decisión do centro, na memoria 22-23. En caso de non realizar modificacións, cómpre ter en conta as ditas observacións de cara a próxima memoria do curso 23-24.*

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica,

O adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a Calidade  
Antonio Mosquera González

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

## II. FORMATO DO DOCUMENTO

O documento segue a estrutura de contidos proposta pola ACSUGA e na “Guía de elaboración de Memorias de Calidade do Centro da SCVTI.”. Contén:

- Portada, título, logotipos,
- Táboa de control e seguimento do documento, aprobaciós
- Índice conforme o formato de memoria aprobado pola ACSUG.
- Paxinado con logotipo USC-Centro e formato “Paxina X de X”.

### Cumprimento dos contidos do apartado

O Documento segue as recomendacións que se propoñen para este apartado.

### Observacións:

En xeral, para todas as Memorias, recoméndase, de xeito **non obrigatorio**:

- Desenvolver todos os contidos que propón a ACSUG no seu formato de Memoria, tratando de cubrir todos os apartados axustándose a información requirida, segundo a orde alí establecida.
- Numerar os títulos dos sub-apartados dos distintos apartados da Memoria, de xeito que as reflexións e análises realizadas estean organizadas e estruturadas, segundo os requirimentos da ACSUG.
  - Achéganse neste informe, para todos os apartados da Memoria, os sub-apartados etiquetados e numerados.
  - Este sistema de organización do texto, facilita o seguimento nas auditorías externas.
  - Compre cubrir todos os sub-apartados, indicando que “non aplica”, cando se de a situación.
- Incluír na portada unha Táboa de Control da elaboración e aprobación do documento, onde figuren datas e órganos implicados. \*Achégase o seguinte modelo:

### **Control da elaboración e aprobación**

<i>Unidade/Órgano</i>	<i>Data entrega ou aprobación</i>
<i>Comisión de Calidade do Centro / Comisión delegada /</i>	<i>XX/XX/2024</i>
<i>Informe técnico da SCVTI</i>	<i>XX/XX/2024</i>
<i>Xunta de Facultade/ Escola</i>	<i>XX/XX/2024</i>
<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i>	<i>XX/XX/2024</i>

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

### III. MEMORIA DE CALIDADE DO CENTRO. Análise de contidos e observacións.

#### 1. Introducción. Sistema de Xestión de Calidade do Centro

*O apartado debe tratar de seguir a estrutura de contidos proposta pola ACSUGA e pola “Guía de elaboración de Memorias de Calidade da SCVTI.”:*

*Este apartado “1. Introducción da Memoria”, se é posible, non debe exceder das dúas páxinas, expondo os contidos requiridos de xeito breve e resumido.*

*\*\*Desde a SCVTI propónse a seguinte estrutura do apartado “1. Introducción”.*

*Esta estrutura poderá aplicarse na presente memoria ou de cara á correspondente ao próximo curso.*

*1.1. Presentación da Memoria de Calidade.*

*Breve referencia ao documento e ao curso de referencia.*

*1.2. O Centro.*

- Orixe e estrutura orgánica do Centro.*
- Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.*

*1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SGIC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).*

- SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.*
- Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso.*
- Documentación de referencia do SGIC e Regulamentación interna.*
- Estrutura organizativa do SGCC. Desenvolvemento e cambios.*
- Memoria de Calidade do Centro (MCC): fases de elaboración, órganos competentes e persoal participante.*
- Información pública da Memoria e do SGIC.*

*1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)*

- Presentación do PEC vixente: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, participantes, elaboración e difusión.*
- Cadro de Mando: liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e accións.*
- Plan Estratéxico da USC (referencia breve).*

#### Cumprimento dos contidos do apartado

A memoria cubre os seguintes contidos referidos a este apartado:

- [Presentación do Centro e do documento](#)
- [Estrutura do Centro](#)
- [Documentación de referencia. Normativa e ordenamento interno.](#)
- [Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade. Estrutura, órganos do SGC. Modificacións.](#)
- [Memoria de Calidade do centro. Procedemento elaboración e aprobación.](#)
- [Titulacións impartidas. Cambios na oferta de títulos.](#)

#### Observacións:

- [A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais contidos e requirimentos a desenvolver esixidos no formato de memoria establecido pola ACSUG.](#)
- [Suxírese, na medida do posible, ben para esta memoria do curso 22-23 ou ben como orientación de cara á próxima 23-24, adaptar os contidos do apartado á estrutura que recolle o cadro indicado arriba.](#)
- [No caso de que non aplique a aportación de contido a algún dos apartados pode indicarse.](#)

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

#### **Estándar:**

*o Centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.*

#### Aspectos a contemplar:

1.1. Política de Calidade. A vixencia da Política de Calidade.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC).

Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.

1.3. Obxectivos de calidade.

Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:

- se o SGC permite introducir melloras nos títulos,
- se se realiza correctamente o seu seguimento,
- se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e
- se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e Inter-centros.

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

1.6. Sistema SGC.

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

1.7. Análise da satisfacción.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

#### Cumprimento do apartado

A memoria cubre, entre outros, os seguintes contidos referidos a este apartado.

1. Política de Calidade.
2. Plan estratéxico. Evolución. Período de vixencia, liñas e obxectivos estratéxicos, estado de execución.
3. Plan de melloras do centro e das titulacións impartidas. Estado de situación e seguimento.
4. SGC. Vixencia e adecuación de procesos, procedementos e documentación. Cambios.
5. Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción.

#### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos esixidos pola ACSUG.
- Suxírese, se é posible, engadir todos os títulos numerados referidos aos diferentes contidos da Directriz, de xeito similar a como aparecen no cadro deste epígrafe. A organización do texto conforme o solicitado pola ACSUG, facilita a lectura e o seguimento da Memoria. No caso de que algún apartado non teña acadado actuacións ou resultados no curso referenciado pola memoria, pode indicarse cunha expresión tipo “non aplica”.
- No apartado referido ao Plan estratéxico suxírese a posibilidade de incluír cadro de mando (abreviado) que recolla o monitoreo da súa execución referido ao curso académico obxecto da Memoria.

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos Programas Formativos

### **Estándar:**

*O Centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.*

### Aspectos a contemplar:

#### 2.1. Adecuación de procedementos.

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.*

#### 2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

*2.1. Memorias verificadas de Título: cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:*

*2.2. Guías docentes: cumprimento de guías docentes;*

*2.3. Coordinación: procedementos de coordinación,*

*2.4. Análise do perfil real de ingresos/egreso,*

*2.5. Aprendizaxe dos titulados: análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.*

*2.6. Satisfacción da Titulación. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).*

### Cumprimento do apartado

A memoria analiza, para cada unha das titulacións impartidas no Centro, os ítems requiridos pola ACSUG:

1. Evidencias da adecuación dos procedementos de deseño, revisión, mellora e extinción nos programas formativos.
2. Análise de accións desenvolvidas sobre deseño, revisión periódica e mellora de programas formativos.

### Titulacións referenciadas:

1. Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN)
2. Grao en Enxeñaría Civil (GEC)
3. Grao en Enxeñaría Xeomática e Topografía (GEXT) (En extinción)
4. Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (GEAA)
5. Grao Interuniversitario da Paixase (GP) • Grao en Robótica (GR)
6. Máster Universitario en Enxeñaría de Montes (MEM)
7. Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica (MEA)
8. Máster Universitario en Dirección de Proxectos (MDP)
9. Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial (MPXT)
10. Máster Interuniversitario en Sistemas Aéreos non Tripulados (MUSANT)

### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos do estándar establecidos pola ACSUG.
- Suxírese, se é posible, engadir unha breve referencia ao apartado “1. Evidencias ...”.
- A articulación do texto seguindo os títulos e contidos propostos pola ACSUG, facilita a lectura e o seguimento do documento, no caso de que algún ítem non aplicase, cumpriría indicalo.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar:**

*o Centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.*

Aspectos que contemplar:

Garantía de aprendizaxe.

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:*

3.1. Normativas.

*Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).*

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

3.4. Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.

3.5. Mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

3.7. Avaliación da aprendizaxe

3.8. Prácticas externas.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

*Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.*

Cumprimento do apartado

A memoria cubre os contidos solicitados polo estándar referidos á Directriz 3.

O apartado analiza a aplicación dos distintos ítem desde un enfoque global da actividade docente do Centro e das titulacións impartidas no centro.

Identifícanse os seguintes sub-apartados de contidos:

1. Análise actividade docente a nivel Centro: análise evolución de matrícula; resultados de aprendizaxe e indicadores de satisfacción.
2. A nivel titulacións:
  - a. Aplicación normativa (admisión, progresión , recoñecemento e certificación).
  - b. Admisión;
  - c. Complementos formativos (indica que non aplica).
  - d. Orientación académica.
  - e. Mobilidade
  - f. Metodoloxía de ensinanza
  - g. Prácticas externas
  - h. Traballos fin grao/máster;
  - i. Resultados da aprendizaxe;
  - j. Indicadores de satisfacción.

**Observacións:**

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos esixidos pola ACSUG.
- Suxírese, se é posible, engadir todos os títulos requiridos pola Directriz, de xeito similar a como aparecen no cadro deste epígrafe.
- A articulación do texto facilita a lectura e o seguimento, no caso de que algún ítem non aplicase, cumpriría indicalo.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar:**

*o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)*

**Aspectos a contemplar:**

**4.1. Persoal académico.**

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:*

- 4.1.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios incluídos nas memorias de verificación.
- 4.1.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
- 4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.
- 4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade.
- 4.1.5. Actividade investigadora.
- 4.1.6. Detección de necesidades de persoal académico.

**4.2. Persoal de apoio.**

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio*

- 4.2.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
- 4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
- 4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
- 4.2.4. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Cumprimento do apartado**

A memoria cubre os principais contidos referidos ao estándar da Directriz 4 .

O apartado analiza a situación e a mellora de calidade na actividade do persoal académico e de apoio, en primeiro lugar a nivel do Centro e de seguido segundo as titulacións impartidas. Analízanse os seguintes sub-apartados:

Referido ao Persoal Académico:

- Suficiencia e adecuación; tipoloxía de PDI; tipoloxía; indicadores de satisfacción; formación e mobilidade; actividade investigadora; detección de necesidades.

Referido ao Persoal de apoio:

- Suficiencia e adecuación; tipoloxía e asignación de postos; Formación do persoal;
- Indicadores de satisfacción; detección de necesidades.

**Observacións:**

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos esixidos polo estándar da ACSUG.
- Suxírese, se é posible, engadir todos os títulos referidos á Directriz, de xeito similar a como aparecen no cadro deste epígrafe.

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

- A articulación do texto facilita a lectura e o seguimento, no caso de que algún ítem non aplicase, cumpriría indicalo.

### Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

#### Estándar:

o Centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

#### Aspectos a contemplar:

5.1. Calidade nos recursos materiais e servizos. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

- *Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.*
- *Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.*
- *Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos de reprografía; bibliografía recomendada, etc.*
- *Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.*

5.2. Orientación académica. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

5.3. Xestión académica. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

5.4. Programas de acollida. Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.

5.5. Prácticas externas. No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

5.6. Satisfacción nos recursos e servizos.

*Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.*

#### Cumprimento do apartado

O apartado analiza a situación dos recursos, materiais e de servizos, segundo o estándar da Directriz 5, no Centro e en relación as titulacións impartidas. Analízanse os seguintes sub-apartados:

1. Evidencias da adecuación de procedementos relacionados coa mellora da calidade: suficiencia e adecuación dos recursos; accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade; xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos.
2. Servizos de orientación académica; Servizos de Xestión académica; Programas de acollida e apoio ao alumnado.
3. Prácticas externas.
4. Indicadores de satisfacción.

#### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos esixidos no estándar pola ACSUG.
  - Suxírese, se é posible, engadir os títulos referidos aos diferentes contidos á Directriz, de xeito similar a como aparecen no cadro deste epígrafe.
- A articulación do texto facilita a lectura e o seguimento, no caso de que algún ítem non aplicase, cumpriría indicalo.

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE



## Directriz 6. Información pública

### Estándar:

o Centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos.

### Aspectos a contemplar:

6. Información pública. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - 6.1. Recollida, análise e utilización da información.
  - 6.2. Publicación da información
  - 6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

### Cumprimento do apartado

A memoria cubre os contidos principais referidos á Directriz 6.

O apartado describe os medios de información pública do Centro que permiten difundir a información relevante acerca da actividade do Centro e as titulacións que imparte.

Analízanse os seguintes sub-apartados:

1. Recollida, análise e utilización da información;
2. Publicación da información.
3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción.

### Observacións:

- o A Memoria, neste apartado, cumpre cos principais requirimentos esixidos pola ACSUG.
- o Suxírese, se é posible, engadir títulos numerados referidos aos diferentes contidos da Directriz, de xeito similar a como aparecen no cadro deste epígrafe.

A articulación do texto facilita a lectura e o seguimento, no caso de que algún ítem non aplicase, cumpriría indicalo.

### 3. Plan de Melloras do Centro

O apartado inclúe os seguintes contidos:

**1. Introdución ao novo Plan de Melloras do Centro.**

Previo ao desenvolvemento dos cadros de mando e táboas informativas requiridos pola ACSUG (puntos 2,3 e 4), achegarase este sub-apartado, onde se presente brevemente (1 carilla aprox.) a seguinte información:

- Enfoque global do novo Plan de Melloras, como consecuencia do Plan anterior e da evolución do Sistema de Calidade do Centro.
- Resumo explicativo das melloras identificadas para cada Directriz.

**2. Cadros de mando por Obxectivos e das Accións de Mellora (AM) vencelladas.**

No referido as novas AM, os cadros de mando deben recoller todos os compoñentes solicitados:

1. *Obxectivo a conseguir; Responsable do obxectivo estratéxico; Datas inicio - fin;*
2. *Obxectivo estratéxico relacionado*
3. *Procesos clave relacionados; Indicadores; e Meta a conseguir*
4. *Accións de mellora relacionadas (Código).*

**3. Listaxe de Accións de Mellora**

O apartado inclúe unha listaxe de AM cos datos básicos:

*ID; orixe; descrición, estado, responsable seguimento, data fin, rematada (estado).*

**4. Accións de Mellora. Táboa coa descrición individualizada das AM, contén os seguintes campos:**

1. *Definición (código, tipo, orixe, ámbito aplicación, análise da causa, data inicio / fin);*
2. *Responsable;*
3. *Tarefa 1 (se aplica: código, descrición, data, responsable); Subtarefa 1(se aplica);*
4. *Finalización (Estado, data, comprobación, data).*

#### Cumprimento do apartado

O apartado recolle os seguintes contidos requiridos pola Directriz:

- Listaxe de Accións de Mellora conforme formato.
- Accións de Mellora aparecen descritas mediante a correspondente táboa informativa.
- Non recolle os cadros de mando referidos a:
  - Obxectivos de Calidade para o seguinte curso, cóbrense os contidos requiridos.

#### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos requirimentos básicos esixidos pola ACSUG.
- Sería preciso incorporar, na medida do posible, os cadros referidos a obxectivos estratéxicos do Centro que aparecen no formato da ACSUG e tamén no posible, seguir a orde deste apartado que proporcionan desde a Axencia.
- Suxírese incorporar, no inicio do apartado e na medida do posible, unha breve introdución sobre o novo Plan de Melloras previsto de cara ao seguinte curso.  
Pódese seguir a proposta de contidos que se da no punto 1 do cadro.

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

#### 4. Modificacións nos diferentes títulos

*O documento deberá aplicar a táboa de recollida de información proposto pola ACSUG para indicara as modificacións previstas para as titulacións impartidas no Centro.*

*A táboa que permite facer visibles as modificacións propostas e a xustificación para cada unha delas segundo cada Título.*

##### Cumprimento do apartado

A Memoria recolle as modificacións previstas aplicando a táboa informativa proporcionada pola ACSUG.

En concreto descríbense, as modificacións para a titulación de:

- Grao en Robótica.
- MU en Enxeñaría Agronómica.
- MU en Enxeñaría de Montes.
- MU en Dirección de Proxectos.
- Grao en Paisaxe (coord. UDC).

##### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos requirimentos da ACSUG.
- Non se realizan observacións para este apartado.

#### 5. Listaxe de evidencias e indicadores

*Neste apartado deberase cumprir unha táboa proposta pola ACSUG para a xustificación de evidencias e indicadores do cumprimento e seguimento de cada unha das Directrices do sistema de calidade.*

*Para cada Directriz, indicarse:*

- *Código,*
- *Evidencia/Indicador*
- *Documentos xustificativos ou enlaces electrónicos que permitan a súa verificación.*

##### Cumprimento do apartado

A memoria recolle neste apartado unha táboa, seguindo o formato aportado pola ACSUG, coas referencias de evidencias e indicadores para cada un dos documentos ou resultados sinalados pola memoria e acreditativos do executado no marco das Directrices do sistema de calidade do Centro.

##### Observacións:

- A Memoria, neste apartado, cumpre cos requirimentos de contidos da ACSUG.
- Non se realizan observacións para este apartado.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica,

O adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a Calidade  
Universidade de Santiago de Compostela  
Antonio Mosquera González

Informe Técnico SCVTI. MCC 22-23. EPSE

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO MOSQUERA GONZALEZ, NIF \*\*\*5823\*\*, 10/11/2024 21:12:36.

CSV: 8DA6-17AD-459B-9B61